
A lexitimidade da adaptación como estratexia tradutiva

Robert Neal Baxter
Universidade de Vigo

Resumo:

Encadrado dentro do contexto do eterno debate –vello mais actual a un tempo– que se desenvolve no ámbito dos estudos da tradución respecto da lexitimidade da adaptación en canto estratexia tradutiva, apoiado por unha serie de exemplos prácticos ilustrativos, sempre desde a perspectiva da tradución global mediante equivalencias dinámicas dentro do cadro da transferencia e intercambios intersistémicos, este artigo sostén que a adaptación non é non só lexítima senón que necesaria e inclusive inevitábel desde o momento en que se muda dunha lingua para unha outra. Advoga, así mesmo, para a plena asunción desta realidade por parte do tradutor para se poder aproveitar de xeito creativo, asegurando así a plena funcionalidade do novo texto (traducido) dentro do seu sistema de recepción.

Palabras chave:

Aadaptación. Fidelidade. Funcionalidade. Transferencia intersistémica.

Abstract:

Set within the framework of the eternal and ongoing debate raging within translation studies regarding the legitimacy or not of adaptation as a basis translation strategy, backed by concrete examples, this article set within the context of global translation via dynamic equivalences based on intersystemic transfer and exchange argues that adaptation is not only legitimate, but indeed necessary and unavoidable when language switching is involved. It is argued that by becoming fully aware of this fact, the translator could use it creatively to his advantage, thus ensuring the full functionality of the new (translated) text within its receptor system.

Key words:

Adaptation. Faithfulness. Functionality . Intersystemic transfer.

Ao longo destas liñas, propomos reflexionar sobre un elemento central, non isenta de polémica, que subxace en todo o momento á focaxe pola que advogamos respecto da necesidade de elaborar unha tradución global e plenamente funcional e orientada cara á aceptabilidade do texto traducido final como un texto plenamente funcional e autónomo dentro do polisistema literario de chegada. Trátase do debate sobre se o tradutor pode, ou inclusive debe, adaptar o texto de partida e, por conseguinte, se a adaptación é unha estratexia lexítima, ou se, pola contra, sitúa quen

a práctica fóra do fenómeno que se dá en denominar ‘tradución’. Noutras palabras, débese considerar a ‘adaptación’ como unha estratexia tradutiva máis ou débese entender como unha actividade á parte que, de se querer inserir dentro do dominio da tradución e gozar desta denominación, se constituiría, de facto, nunha ‘traizón’ cara ao texto orixinal.

Rabadán (1991) por exemplo, partindo dunha concepción, que compartimos, da tradución entendida como un acto de transferencia intersistémica mediante o establecemento de equivalencias dinámicas para acadar un texto autónomo e funcional dentro do polisistema de valores de chegada, fala en termos non de inserir o texto traducido dentro do polisistema de chegada, senón da criación dun texto novo dentro do sistema de chegada. Unha visión da tradución entendida nestes termos apaga case totalmente as fronteiras que delimitan tradicionalmente a ‘tradución’ da ‘adaptación’, onde o tradutor non é só unha especie de interface lingüístico-cultural que pasa elementos do texto orixinal a través dun filtro para xerar un texto substitutivo noutra lingua, senón un auténtico suxeito activo e creativo que ha de asumir plenamente as responsabilidades que decorren do seu papel como ‘autor segundo’ encargado de reescribir un texto novo a partir doutro orixinal.

Existen, de facto, ámbitos determinados onde a adaptación motivada pola procura de reproducir un efecto moi determinado no público receptor do texto similar ou equivalente ao efecto producido polo texto orixinal no seu público receptor orixinal de referencia constitúe non só unha posibilidade tradutiva, senón que é a única alternativa, sen que deixe de ser, por tanto, tradución. Tal é o caso, por exemplo, da publicidade:

We should point out that equivalent effect is not always the primary concern of advertisement translating, and at times cultural transposition or adaptation is inevitable in the translating of advertisement. This is not only legitimate, but also necessary, in the attainment of the *skopos* (Kim-lung 1999: 104).

Mais a adaptación non se restrinxe como estratexia tradutiva lexítima (e necesaria) ao ámbito da publicidade ou en casos especializados como a denominada ‘localización’¹, senón que resulta ser un alternativa posíbel en case todos e calquera ámbito, excluíndo algúns casos moi marxinais que comentaremos a continuación. Mais con todo, aínda que o grao de adaptación efectuada variará dun texto para un outro, dun tradutor para un outro e dun momento e un lugar concretos para un momento e un lugar diferentes, a adaptación sempre estará presente como un elemento esencial e básico de calquera estratexia tradutiva. O esencial consiste en recoñecer este

¹ ‘Localización’ é o termo que se utiliza habitualmente para se referir á tradución de *software* para se tornar totalmente aceptábel para o sistema receptor, sendo así un tipo de adaptación tradutiva tematicamente determinada.

facto, asumilo e aproveitar o potencial que ofrece o uso consciente da adaptación como estratexia tradutiva.

Para ilustramos o facto de a tradución, pola súa propia natureza, sempre levar implícito un transfondo básico e ineludíbel de adaptación xa polo simple facto de implicar unha mudanza de linguas, pasaremos de contado a analisarmos as mudanzas efectuadas ao traducir un texto chinés para o español que decorren das mudanzas necesarias ao pasar dun sistema lingüístico-cultural determinado para un outro cuxa estrutura dista desta, pois se non se diferenciase, sería, loxicamente, a mesma lingua e non faría falta tradución.

En definitiva, traducir implica reformulación, e calquera reformulación leva implícita unha mudanza máis ou menos importante, ao seren indisolubelmente ligadas a forma e a función (lingüísticas ou non):

Reformulating something transforms the ways in which meanings may be made with it, and in this sense, form and content are inseparable (Chandler 1995: 16).

Escollemos para estes efectos ilustrativos dous sistemas lingüísticos estruturalmente moi diferentes a todos os niveis (fonolóxico, morfosintáctico...) así como culturalmente (aquí, por exemplo, abordaremos a cuestión da poesía tal e como se entende dentro do polisistema literario chinés), para pormos máis facilmente en destaque a natureza e as implicacións das mudanzas realizadas: o chinés clásico (a forma utilizada para a poesía clásica en cuestión) é unha lingua monosilábica onde existe unha relación directa entre o grafema, a sílaba e o morfema (que prevalece sobre o concepto occidental de 'palabra'), que non distingue tan nitidamente entre as clases gramaticais (adxectivo e verbo forman unha única clase formalmente), non coñece a distinción temporal pasado-presente-futuro mais si fai fincapé na distinción de aspecto perfectivo-imperfectivo, non ten nin xénero nin número, sen artigos determinados ou indeterminados, sen flexión morfolóxica... En definitiva, unha lingua radicalmente diferente, canto á estrutura, do español, lingua para que se ha traducir.

Ora ben, débese ter presente que aínda que as mudanzas entre sistemas máis aparentados lingüisticamente foren menos perceptíbeis á primeira vista, sempre estarán presentes a un grao ou a un outro, por exemplo a gramaticalización da noción de aspecto entre o español (*estaba comiendo - comía - comí - he comido*) e o galego (*estaba a comer - comía - comín*).

Enumeraremos algunhas das mudanzas efectuadas ao se compararen un extracto dunha poesía chinesa e a súa tradución, neste caso para o español. Trátase dunha poesía composta polo o Presidente Mao Zedong en 1958 seguindo a métrica dun

tipo de poesía clásica denominada *qiliu*. Seguiremos as explicacións que nos dan Moravia / Mancuso (1975: 41-44):

红雨随心翻作梁	hóng yǔ / suí xīn / fān zuò liáng <i>vemello chuvia / seguir corazón / cambiar facer ponte</i>
青山着意化为桥	qīng shān / zhāo yì / huā qiáo <i>verde montaña / mandar vontade / tornarse facer ponte</i>
天连五岭银锄落	tiān lián / wǔ líng / yín chú lào <i>ceu unir / cinco cordilleiras / prata sacho caer</i>
地动三河铁臂摇	dì dòng / sān hé / tiě bì yáo <i>terra move / tres río / ferro brazo sacudir</i>

Eis a tradución que nos ofrecen Moravia / Mancuso (1975: 129):

Lluvia rosa de flores de melocotón
que a un ademán de aqueles se transforman en río,
Verdes montes que a su orden
se transforman en puentes.
Sobre las Cinco Cadenas que llegan al cielo
se abaten azadas de plata,
brazos de hierro desvían los Tres Ríos,
transforman toda la tierra

O noso propósito aquí non é o de avaliarmos a tradución que se nos propón, senón, simplemente, recalcarmos o número e a importancia das mudanzas inevitábeis que se realizan a todos os niveis ao pasar do orixinal á tradución.

- ++ / ** / ++ * **R** Eis como funciona unha das dúas posíbeis métricas e a rimas para os poemas do tipo *qiliu*.
- ** / ++ / * * + **R** indica a rima.
- ++ / ** / ++ * **R** / indica un contrapunto (gramatical e semántico)
- ++ / ** / * * + * **R** * indica o ton ‘baixo’ (na transcripción *pinyin* este ton está sinalado polo uso do macron, ex. <ā>)
- ** / ++ / + * * **R** + indica os outros tons chamados ‘oblicuos’
- ** / ++ / * * + **R** A poesía de Mao Zedong de que se trata aquí segue esta métrica, aínda que non con absoluta fidelidade.
- ++ / ** / ++ * **R** (véxase Moravia / Mancuso 1975: 41-46)

Así, fica evidente, en primeiro lugar, que o orixinal é moito máis compacto que a tradución, que conta con case dúas veces máis morfemas/palabras (27:50) e máis de tres veces máis sílabas (27:89). Até hai dúas veces máis liñas na poesía traducida (8) do que na orixinal (4). Visualmente, na súa versión orixinal en chinés, a poesía forma ringleiras ordenadas e simétricas, o que deixa de ser o caso en español coas súas liñas irregulares. Iso débese tanto á propia natureza lingüística da lingua chinesa clásica, onde existe unha relación directa entre palabra-morfema-sílaba, e tamén á natureza logográfica da escritura do chinés (véxase Sampson 1985: 145), que pasa a ser, na tradución, unha escritura alfabética.

Alén de non manter as rimas finais que fan parte da métrica ríxida da forma poética do orixinal e do que non discutiremos a lexitimidade tradutiva, o que si se perde irremediabelmente e contra a vontade de elección do propio tradutor é o sistema interno de rimas de tons que non se pode plasmar en español por non ser esta unha lingua de tons. Alén de ser un mero elemento decorativo, a métrica tónica e a propia estrutura do orixinal tamén determinan a análise lingüística no momento de traducir:

Vemos así como las reglas prosódicas se convierten en realidad en auténticas reglas gramaticales, que cuando son respectadas [...], contribuyen a definir el sentido de un verso, a precisar si una palabra determinada se interpreta como adjetivo, sustantivo, etc. Nos hallamos, pues, una vez más, ante reglas posicionales, si bien de tipo distinto de las que regulan la prosa. (Moravia / Mancuso 1975: 43).

Ora ben, o facto de se realizaren tantos e tan profundos cambios non fai que a tradución sexa nin imposible –de facto, existe– nin tampouco que non sexa unha tradución de má cualidade. O que si nos ensina é que a adaptación non é só factíbel e lexítima ao se traducir un texto, ao tentarmos efectuar eficazmente unha transferencia intersistémica, senón que é absolutamente inevitábel. A adaptación é, noutras palabras, a esencia mesma da tradución.

Para axudar a entender até que punto resulta imprescindible ficar consciente das posibilidades de mudanzas que se teñen que procurar no momento de funcionarmos como auténticos mediadores interculturais, propomos considerar o caso da tradución de frases feitas, sobre todo aquelas que conteñen algunha que outra imaxe visual evidente:

Língua	Frase feita	Tradución literal
inglés	it's raining cats and dogs	'chove cans e gatos'
galés	mae hi'n bwrw hen wragedd a ffyn	'lánzanse vellas e paos'
francés	il pleut des cordes	'chove cordas'
catalán	plou a bots i barrals	'chove chicados e bocois'
galego	chove a deus dar	–

A menos que se tratar dunha tradución cun claro propósito burlesco, para se manter 'fíel ao orixinal', a ningún tradutor de catalán, poñamos por caso, se lle pasaría pola cabeza traducir, *it's raining cats and dogs* por *plou a gats i gossos*. Automaticamente, sen pensalo dúas veces, a frase en inglés pasaría a ser *plou a bots i barrals*. Múdase a frase feita por outra equivalente no sistema de recepción, mais ao mesmo tempo fica alterada unha imaxe –non é o mesmo, claro é, gatos e cans que chicados e bocois...

En definitiva, fica patente, dun lado, que canta máis distancia existe entre os sistemas de partida e de chegada –nese noso primeiro caso entre o chinés e o español respectivamente– máis clara se torna a inevitabilidade de se realizaren cambios máis ou menos importantes ao pasar dun sistema para un outro.

Segundo a hipótese que propuxeron no seu día Sapir e Whorf, existiría unha relación de influencia mutua entre as estruturas lingüísticas propias e características de cada lingua humana e a percepción que se teña da realidade que nos rodea. Isto é, que os seres humanos utilizamos a linguaxe para exprimir o mundo ao tempo que a clasificación que se precisa facer do mundo para se poder exprimir mediante a linguaxe implica que esta mesma linguaxe, unha vez interiorizada como o noso principal medio de comunicación, axe como un filtro que determina como percibamos o mundo segundo as estruturas que permite cada linguaxe, de xeito que cada falante dunha lingua diferente percibiría o mundo dun xeito diferente, ou cando menos así o exprimirá.

Así pois, mudar de lingua leva necesariamente a unha mudanza na percepción e representación que se fai da realidade, sendo esta unha mudanza inelutábel. Desde xeito, pois, enténdese como, sob o noso punto de vista, as mudanzas lingüísticas levan implícitas mudanzas correspondentes e inevitábeis na substancia da mensaxe en maior ou menor grao, tendente sempre cara á adaptación respecto do pólo receptor.

Esta tese que defenderon no seu tempo Sapir e Whorf non é isenta de críticas e de polémica, mais, sen entrarmos nos pormenores do debates lingüísticos correspon-

dentés, achamos que é interesante para os fins que nos propomos, ou sexa, indagarmos na natureza da adaptación extralingüística como un corolario inevitábel de calquera mudanza dunha lingua para unha outra, de tal xeito que a adaptación sempre forme parte da tradución e non se trate dunha disciplina diferente, nin moito menos dunha ‘traizón’ cara ao orixinal.

Achamos precipitado, pois, rexeitar a hipótese Sapir-Whorf tal e como pretende Pinker (1994: 57), sempre e cando se evitar o ‘determinismo lingüístico radical’ (*strong determinism*) que ás veces vén asociado a este termo, que consiste na crenza de que o mundo exterior se percibe a través do filtro da linguaxe sen máis:

Whilst few linguists would accept the Sapir-Whorf hypothesis in its ‘strong’, extreme or deterministic form, many now accept a ‘weak’, more moderate, or limited Whorfianism, namely that the ways in which we see the world may be *influenced* by the kind of language we use (Chandler 1995: 17).

Advogamos aquí, pola contra, por un ‘determinismo relativo’ (*weak determinism*) en que os procesos cognitivos e o pensamento humano estarían influenciados pola linguaxe que utilizamos sen, por tanto, que a linguaxe chegue a determinar como se percibe o mundo:

Weak determinism, however, holds that thought is merely affected or influenced by our language, whatever that language may be. This version of determinism is widely accepted today (Campbell 1997: 5).

Partindo desta hipótese, onde as formas e as estruturas das linguas que se utilizan para exprimir a realidade (inclusive sentimental, emotiva...) condicionarian, en certa medida a maneira en que se pode exprimir tal realidade ao influír na súa percepción, algúns comentaristas chegan á conclusión de que a tradución é xa unha tarefa imposíbel ou cando menos extremadamente complexa debido a que, loxicamente, ningunha lingua partilla plenamente as estruturas dunha outra e, por tanto, calquera mudanza implicaría unha falta de ‘fidelidade’ para co orixinal. Outros (Campbell 1997: 16) suxiren, inclusive, que calquera reformulación dentro dunha mesma lingua levará implícitas mudanzas no sentido orixinal.

Ora ben, iso só é válido desde o momento en que se considere a tradución como un proceso que pretende reproducir nun sistema meta a través dunha mudanza de lingua todos e exactamente os elementos semánticos presentes no orixinal. Mais esta concepción parte de entrada dunha visión da tradución como un exercicio orientado cara ao pólo de partida e cara ao de chegada. Neste sentido, coincidiremos en que a tradución é por si imposíbel. Ora ben, a tradución existe, e por tanto ha de ser posíbel. Só é posíbel ao refocala correctamente, aceptándoa polo que en realidade é: unha aproximación a partir dun texto orixinal interpretábel desde o polisistema

de valores de partida para unha lingua diferente e un outro polisistema de valores. Nestes termos, pois, enténdese como a tradución non é imposíbel –non o pode ser, pois existe–, mais a distinción entre tradución e adaptación é unha falsidade, ao ser a adaptación o punto de partida inevitábel de todas e calquera tradución.

O grao de adaptación variará, loxicamente, segundo a tipoloxía textual, os sistemas en xogo..., mais sempre existe. Para darmos un exemplo sinxelo, ficou demostrado que é unha práctica habitual e normalizada a substitución de frases feitas específicas do sistema de partida xunto coas súas imaxes por outras equivalentes no sistema de chegada, de as haber. Non é iso máis do que un exemplo claro da tradución como proceso de transferencia intersistémica dinámica.

Ora ben, de aceptarmos que, dun lado, a tradución sempre leva implícita unha adaptación en maior ou menor medida para se axustar ás necesidades inherentes do sistema de chegada e, doutro, que non só se poden senón que se deben axustar as imaxes implícitas en certas expresións feitas etc. para se adecuaren aos equivalentes existentes no sistema meta, cabe preguntarse por que non se procede da mesma maneira cando o tradutor se encontra fronte a unha imaxe xa non virtual senón física que fai parte integral dunha unidade verbo-icónica.

Traducir eficazmente nun mundo onde a imaxe está presente en todos os eidos da vida non pode significar ignorar este facto, senón que o tradutor ten como responsabilidade profesional a de recoñecer o seu valor real para logo procurar efectuar unha transferencia intersistémica efectiva tal e como leva facendo –ou polo menos debería levar tratando de facer– co texto escrito.

Ao fin e ao cabo, a cuestión que se levanta non é outra senón definir cal é a finalidade que se persegue co acto de traducir. Desde a postura que aquí defendemos, esta non pode ser outra do que a procura de tornar transparentes os valores semióticos que revisten os signos formais presentes no texto de partida tal e como se interpretan desde esta estrutura de valores semióticos nun outro polisistema de valores diferentes a través de formas similares ou diferentes segundo for preciso para manter *in tacto* a mensaxe global transmitida a través dos contidos semióticos orixinais. Desde este punto de vista, a ‘adaptación’ débese entender como unha estratexia tradutiva máis e non como unha actividade diferenciada situada alén dos límites do que se entende como tradución, ao ser que sempre existe unha relación cun orixinal alleo á tradución.

Cinxirse e aferrarse ao caduco concepto de ‘fidelidade’ para o orixinal non é máis do que autoimporse unhas chatas desnecesarias que cerran as portas á creatividade precisa para facer do tradutor tecnicamente competente un tradutor excelente canto á súa capacidade de crear textos eficaces e funcionais dentro do polisistema de chegada. É máis, o tradutor ten de asumir que desde o momento en que se muda de idioma, iso

xa de por si leva sempre implícito outras mudanzas consubstanciais que ‘atraizoan’ necesariamente elementos máis ou menos significativos do orixinal. Por exemplo, desde o momento en que se traducen as formas verbais simples e compostas do inglés *he ate* e *he has eaten* pola forma verbal galega simple ‘comeu’, apágase *ipso facto* a distinción implícita nestas dúas formas de partida que, alén da dicotomía simple-composto transmite unha noción de aspecto imperfectivo-perfectivo totalmente ausente da forma única galega que carece de tal distinción gramaticalizada. Trátase dunha perda de ‘fidelidade’ automática e inevitábel, mais non por iso deixa de ser unha falta de fidelidade entendida nos termos tradicionais do termo. En definitiva, achámonos perante un tipo de adaptación inevitábel que se ha repetir de xeito continuo ao longo de calquera tradución sen que iso implique, loxicamente, calquera ‘traizón’ para co orixinal. Se resultan aceptábeis tais adaptacións por seren inevitábeis, habería tamén que reflectir sobre a lexitimidade de efectuar outras mudanzas xa non tan inevitábeis, senón froito da elección consciente do tradutor, porque se encamiñan na mesma dirección e cos mesmos motivos do que o anterior, non se poderían tachar de ‘falta de fidelidade’ ou ‘traizón’ polo simple facto de seren adaptacións.

De facto, o único tipo de tradución realmente ‘fiel’ ao orixinal *stricto sensu*, autenticamente ‘adecuada’ en todo o momento, é a glosa lingüística cuxo propósito consiste, xustamente, en achegar o intérprete alleo ao polisistema de partida ás redes lingüísticas e metalingüísticas que constitúen o polisistema de partida. Neste sentido, fica claro que a tradución propiamente ‘adecuada’ se sitúa no pólo oposto da tradución ‘aceptábel’, pois non pretende ‘domesticar’ texto, senón ‘estranxeirizalo’ ao máximo.

Para darnos un exemplo do devandito, nesta tradución altamente ‘fiel’ dun texto en bretón padrón (texto orixinal tirado de Kervella, 1999: 11) transparéntanse nunha glosa detallada todos os elementos morfolóxicos, léxicos e sintácticos para un lector galego-falante.

1. “Eizhtervezh pe seizh eo emit-hu? a chom c’hoazh da c’hedal.”
2. (Eizh+[dei²+(r)+vezh]) - pe - seizh - (eo) - [(em⁶+it)+hu] - (a+chom) - c’hoazh - (da+/g>c’h/edal)
3. /{('oito'+[‘día’+(ligazón eufónica)+(sufixo de duración)]} - ‘ou’ - ‘sete’ - (‘ser’ 3s pres. conx.)} - (‘dicer’+2pl. pres.)+2pl. sufixo pronominal)/ - /(<partícula verbal+raíz verbal ‘ficar’) - ‘ánda’ - (‘a/para’+lenición ‘axexar’/ ‘esperar’)/

Todos/as coincidirían sen dúbida, porén, en cualificaren este tipo de tradución de ‘inapta’ para calquera situación menos a situación moi específica da glosa comparativa lingüística, práctica, por outra parte, de que xeralmente se encargan lingüistas ou filólogos especializados para fins moi determinados e non tradutores.

Fronte á visión, ao noso ver, vetusta no novo século polo que andamos, que concibe a tradución como nun proceso de substitución textual binario onde a misión profesional do tradutor se limitaría a (re)interpretar un texto por outrén, isto é, na procura de interpretar ‘correctamente’ os valores semánticos vinculados polo autor orixinal a través dos seus textos orixinais para transmitilos coa maior fidelidade posible para un público cuxa lingua dista da que se utilizou para redixir, adaptar implica a plena asunción na práctica do que tantas veces se repite na teoría de concibir o acto de traducir como un proceso triangular onde entran en xogo non só o orixinal e as (supostas) intencións do seu autor e o tradutor, senón un terceiro factor condicionante que desde esta perspectiva resulta fundamental, que é o público receptor, polo que se pode falar non só de traducir por alguén (o autor) senón, e sobre todo, para alguén (o lector):

The function of the source text, and of course also parts of the source text, can or must be changed, depending on the wishes, expectations, needs, etc. of the target readers (Kussmaul 1995: 71).

Poderíase obxectar face a unha tal postura que as eleccións adoptadas polo tradutor residen fundamentalmente nas súas valoracións subxectivas que se imponen sobre as intencións iniciais do autor orixinal que merece o respecto que se manifesta a través da ‘fidelidade’. Cómpre recoñecer, aliás, que tales intuicións sobre as intencións primarias do autor orixinal non son máis do que conxecturas e hipóteses –espérese que fundadas– por parte do tradutor-interpretante.

Face a esta interpretación subxectiva dos posibles motivos primarios do autor orixinal, ao tradutor competente sonlle atribuídos uns coñecementos completos e enciclopédicos a respecto dos valores e estruturas internas dos polisistemas con que traballa. Noutras palabras, ten que realizar o seu traballo dentro dun cadro que se poderá cualificar de competencia ‘biculturalista’, alén da simple competencia lingüística.

Deste xeito, se se elabora con boa fe e partindo de razóns fundamentadas no texto de partida así como nos coñecementos da composición e da estrutura internas dos respectivos polisistemas de traballo, calquera tradución que se realice desde esta óptica será tanto factíbel como lexítima, alén de cuestións de orde máis esotérica sobre a súa ‘corrección’ ou non.

O tradutor só pode ser fiel a si mesmo, isto é, sentirse satisfeito para co seu traballo realizado con profesionalismo e seriedade, e cara ao seu público, pois é este último que lle ha confirmar o éxito do seu texto final ou non, sen que esta valoración resida en ningún momento nunha avaliación do texto traducido respecto do texto orixinal, pois na esmagadora maioría dos casos, o público recep-

tor ten tal condición xustamente polo facto de non poder acceder ao orixinal, tornando por tanto calquera comparanza imposible (ou cando menos moi improbable). O texto traducido hase valorar, ao fin e ao cabo, como un texto autónomo dentro do polisistema literario de chegada e ten que estar elaborado en consecuencia.

Mais, aínda descartando o vello concepto de ‘fidelidade’ cara ao orixinal e asumindo unha nova focaxe orientada cara á integración do texto traducido como un texto funcional e autónomo dentro do polisistema literario de chegada, a diferenza dos textos literarios xerados polos seus propios autores dentro dun polisistema de partida, a tradución distínguese –inclusive defínese– polo facto de ser un texto (re)elaborado unha segunda vez, normalmente por unha persoa diferente do autor orixinal, a partir dun texto orixinal xerado dentro dun outro polisistema de partida. En definitiva, o orixinal existe. Non só existe, senón que serve de base para a reelaboración, resultando indispensable unha exhaustiva análise semiótica dos valores transmitidos polos elementos presentes no orixinal para procurar recrear un efecto no público receptor do texto final similar – ‘equivalente’ – ao producido polo texto orixinal no público orixinal mediante a procura e o establecemento de equivalencias dinámicas.

De todo o anterior decorre o paradoxo característico da tradución que consiste no mito da posibilidade de ficar fiel ao orixinal ao tempo que se muda, pois se non se muda non hai tradución. Ora, tal paradoxo non é máis que superficial e parte do mito socializado que cría a tradución da substitución dun texto para outro igual a pesar de todas as mudanzas efectuadas, quer lingüísticas, quer de referencias culturais...

En suma, a finalidade de calquera tradución sen fins moi específicos é a de conseguir un texto funcional dentro do sistema de chegada partindo dunha relación dinámica de partida preestabelecida polo texto orixinal interpretado desde dentro das relacións polisistémicas correspondentes do sistema de partida e reensablado segundo as necesidades estruturais e semióticas do polisistema de chegada mediante equivalencias dinámicas.

Advogamos, pois, por unha ‘domesticación’ do texto que se ha de entender como a necesidade de o tradutor domar e dominar o texto, sen deixar que o texto orixinal o domine, para se apoderar del, tornándoo seu. O tradutor moderno debe asumir así a responsabilidade e o deber da liberdade creativa que decorre do seu papel non só como interpretante do orixinal senón como reescritor dun texto final que haberá de funcionar autonomamente dentro do polisistema literario de chegada.

Referencias bibliográficas

- Campbell, George, L. (1998): *Concise Compendium of the World's Languages* (Londres: Routledge).
- Chandler, D. (1995): *The Act of Writing. A Media Theory Approach* (Aberystwyth: Universidade do País de Gales).
- Kervella, Goulc'han (1999): *E vrenigenn diwezhañ* (Brest: Al Liamm–An Here).
- Kim-lung Au, Kenneth (1999): “Cultural Transfer in Advertisement Translation”, en Caillé, P.-F. (fond.): *Babel. Revue Internationale de la Traduction*, 45: 2 (97-106) (Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins).
- Kussmaul, P. (1995): *Training the Translator* (Amsterdam/Nova Iorque: John Benjamins)
- Moravia, A. / Mancuso, G. [trad. Palao, J.] (1975): *Mao Tsé-Tung* (Madrid: Júcar).
- Pinker, S. (1994): *The Language Instinct* (Londres: Penguin).
- Rabadán, R. (1991): *Equivalencia y traducción. Problemática de la equivalencia translémica inglés-español* (León: Universidad de León).
- Sampson, G. (1985): *Writing Systems* (Londres: Hutchinson).